

A estrela perdida

O nome dado ao poliedro construído no IES do Milladoiro xurdiu ao tentar montar os diferentes módulos. Esta foi a parte máis difícil de todo o proxecto, onde conseguir que dende arriba se apreciase unha estrela, como no modelo proporcionado, foi tarefa imposible.

- Nome dado ao poliedro: A estrela perdida.
- Nome das alumnas:
 - Alba Sueiro.
 - Irene Vázquez.
 - Lucía Romar.
- Profesorado que colaborou: Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES do Milladoiro.

Para elaborar o poliedro partimos dun desenvolvemento plano de cada un dos módulos que conforman o corpo, que dobramos segundo marcaban as liñas. A continuación coláronse as distintas pezas para montar o poliedro final e rematamos pintando unha base negra con pintura en spray e por último démoslle cor con rotulador metálico os tetraedros que rodean as pirámides pentagonais.